

## Nº TT\_3/2020. ADENDA ÁS CIRCULARES DE PROGRAMACIÓN E XESTIÓN

**ASUNTO: ADENDA ÁS CIRCULARES DE PROGRAMACION TT 1/2020 E DE XESTIÓN TT 2/2020 REFERENTE Á CONVOCATORIA ANUAL DO PLAN DE TRANSFERENCIA PARA O APOIO ÁS ACTIVIDADES DE DEMOSTRACIÓN E DE INFORMACIÓN AO AGRO GALEGO 2020**

### FEITOS

1. En base ás solicitudes presentadas para a realización das accións de información e demostración dentro do Plan de transferencia para o apoio ás actividades de demostración e de información ao agro galego 2020, a súa aprobación está condicionada á impartición de todas as accións en modalidade presencial.

2. A circular de programación do Plan de transferencia ao agro galego 2020 regula no seu punto 4º o seguinte:

*“A submedida abranguerá actividades de demostración e información...”*

3. A situación sanitaria actual derivada da COVID-19 pode provocar que en determinados casos, por falta de espazo no local ou simplemente por precaución dos posibles asistentes, a realización de determinadas accións non se poida levar a cabo.

4. As tecnoloxías actuais permiten a impartición de actividades en modalidade de telepresencial a través de aplicacións informáticas tipo webinar (WEBEX) ou videoconferencias en plataformas similares como (FALEMOS).



5. A impartición das accións, neste tipo de modalidade, debe ter carácter excepcional xa que está comprobado que causa os seguintes problemas:

- Problemas técnicos tanto no fogar de cada asistente como do persoal relator, que poden conducir á cancelación da xornada ou a que determinadas persoas interesadas non poidan participar.
- O persoal relator ten dificultade para percibir a motivación do persoal participante e o impacto da charla ou exposición.
- Maior potencial de distracción para a audiencia, polo contorno ou porque non son observados.
- A interacción entre o persoal participante redúcese ao mínimo.
- Imposibilidade de realización das prácticas, de ser o caso, da acción formativa.

En conformidade co indicado anterior,

## RESOLVO:

Aprobar excepcionalmente todas as solicitudes de variación da modalidade presencial pola modalidade de telepresencial das accións de información non vinculadas a ningunha acción de demostración, a través de reunións virtuais ou videoconferencias, sempre que se garanta o seguinte:

- O persoal coordinador deberá comprobar que a aplicación funciona correctamente ao longo de toda a acción.
- Garantírase que todas as persoas solicitantes teñen acceso á acción de información dun xeito correcto. De ser posible, habilitarase un local no lugar onde se prevía realizar o seu desenvolvemento e onde poida asistir a xente que non ten acceso a este a través da web.
- Facilitarase un enlace de acceso ao Departamento de Investigación e Transferencia co fin de ter a posibilidade de participar na actividade.
- Co fin de comprobar a asistencia, cada asistente identificarase ao inicio a través do buzón habilitado.



- Establecerase un sistema para poder intervir e poder consultar as dúbidas que xurdan. A persoa coordinadora ou persoa en quen delegue fará de moderadora cando alguén comunique que quere formular unha pregunta.
- As circulares, de Programación (TT)\_1/2020 e de Xestión TT\_2/2020, son o documento de referencia para a xestión económica administrativa da acción informativa. Tan só, con respecto ao control de asistencia, este será suplido por un informe que deberá facer a persoa coordinadora
- A persoa coordinadora realizará un informe técnico, indicando o nº de asistentes e identificación destes (en base ás presentacións realizadas), achegando tamén neste unha declaración que indique o cumprimento das condicións para a súa realización e éxito desta. Os datos dos asistentes tamén deben de recollese no Anexo C de control de presenza.
- No caso de que se desexe gravar a actividade, será necesaria unha autorización expresa para a gravación do contido audiovisual. O uso da imaxe ou da voz do persoal participante (persoal colaborador, relatores/as, coordinación e alumnado) será principalmente para fins divulgativos de programas de formación ou de transferencia no agro galego impartidos pola Consellería do Medio Rural.

Santiago de Compostela

O director da AGACAL

Manuel Rodríguez Vázquez

